



FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	Nome da boa práctica:
	A boa práctica identificada é a “ Comunicación ”, esta práctica consiste en garantir o uso dunha linguaxe non sexista en todas as comunicacións da empresa, tanto internas como externas.
	Entidade que a promove:
	Votorantim Cementos España, S.A
	Concello:
	Vigo, Pontevedra, España

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

Inicialmente a empresa identificou que no ámbito corporativo, tanto nas comunicacións internas como externas, podían existir sesgos de xénero e un uso inadecuado da linguaxe que non reflexa os principios de igualdade. Isto levou a necesidade de establecer criterios para eliminar ou diminuír estes sesgos e fomentar un entorno máis inclusivo.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

Votorantim implementou unha serie de medidas para promover a igualdade a través da linguaxe, revisando as imaxes corporativas para eliminar sesgos e elaborando unha guía práctica para o uso dunha linguaxe inclusiva en todas as súas comunicacións. Ademais, asegúrase que as campañas comunicativas empreguen este tipo de linguaxe, facendo visibles as contribucións das mulleres dentro da empresa. De forma complementaria, tamén se establecen espazos de debate como as reunións “Construíndo en feminino” para promover a participación das mulleres no sector cementeiro.

RESULTADOS OBTIDOS

Ata o momento, a empresa conseguiu aumentar a visibilidade das mulleres en roles clave dentro da organización. Lanzaron campañas de concienciación que melloraron a percepción interna sobre a igualdade de xénero e reforzaron o compromiso cunha linguaxe inclusiva en toas as áreas. As revisións periódicas e as campañas específicas, como as do Día Internacional da Muller, tamén contribuíron a crear un ambiente máis consciente sobre a importancia da igualdade na empresa.